



ECONOMÍA SOCIAL

La economía social: actor empresarial fundamental en la transformación económica y social de España y Europa

Juan Antonio Pedreño

A contribución da economía social galega

Maite Cancelo

Apuntes para un incremento de valor e consolidación da ES galega

Celso Gándara

O Consello da Economía Social de Galicia

Mar Pernas

E TAMÉN

As confrarías, as cooperativas, os centros especiais de emprego, as empresas de inserción laboral e as sociedades laborais

•c•a•d•e•r•n•o•s•

é unha publicación do Consello Económico e Social de Galicia

A responsabilidade das opinións expresadas nesta publicación corresponde exclusivamente a os seus autores e en caso ningún supoñen que o Consello Económico e Social de Galicia se identifique coas mesmas.



Algalia de abaixo, nº 24
15704 - Santiago de Compostela
981 54 16 50
e-mail: cadernos@ces-galicia.org

Todos os traballos do CES-Galicia poden atoparse en

www.ces-galicia.org

• c • a • d • e • r • n • o • s •

Nº 10 • ANO 2021

- 4** Limiar
- 5** La economía social: actor empresarial fundamental en la transformación económica y social de España y Europa
Juan Antonio Pedreño Frutos – CEPES
- 11** A contribución da economía social galega
Maite Cancelo – CECOOP
- 14** Apuntes para un incremento de valor e consolidación da economía social galega
Celso Gándara – ForoESGal
- 16** O Consello da Economía Social de Galicia
Mª del Mar Pernas Márquez – EspazoCOOP
- 21** Las cofradías de pescadores como parte de la economía social
José Basilio Otero Rodríguez – FGCP
- 25** Cooperativas: un modelo empresarial transversal e presente en todo o territorio
Ana Oliveira Blanco – EspazoCoop
- 29** Os centros especiais de emprego, presente e futuro
José Antonio Vázquez Freire – CEGASAL
- 31** Las empresas de inserción laboral
Isabel Fraga Castro – AEIGA
- 36** As sociedades laborais. Tres apuntamentos
Antonio Mera de la Fuente – CIG
Maica Bouza Seoane – CO OO
José Carlos Rodríguez del Río – UGT

Limiar

A economía social agrupa ao conxunto de actividades económicas e empresariais que levan a cabo entidades que persiguen o interese colectivo das persoas que as integran e o interese económico e social xeral. Son entidades que conceden prioridade ás persoas e ao fin social sobre o capital, a través dunha xestión autónoma, transparente e participativa.

As persoas que as integran asumen un papel central, o que outorga a estas entidades –cooperativas, mutualidades, fundacións, empresas de inserción, cofradías, centros especiais de emprego...– unhas características moi particulares que resultan axeitadas para atender demandas e inxerencias do mundo actual, nun momento de profundos cambios socioeconómicos.

O Consello Económico e Social porganizou unha xornada con todas as entidades que traballan neste eido coa que pretendía achegarse a esta realidade, que ten cada día maior protagonismo en Galicia, e ofrecer unha visión de conxunto das diversas iniciativas que están funcionando cun claro compromiso en favor da consecución dun desenvolvemento sostible e inclusivo e da xeración de emprego estable e de calidade.

Este novo número da serie • c • a • d • e • r • n • o • s • recolle boa parte das ponencias e presentacións que se fixeron na xornada. Agardamos ter contribuído ao mellor coñecemento desta realidade.

Agustín Hernández Fernández de Rojas

PRESIDENTE

LAS ECONOMÍAS QUE VIENEN

La economía social: actor empresarial fundamental en la transformación económica y social de España y Europa

Juan Antonio Pedreño Frutos


Juan Antonio
Pedreño Frutos

Presidente
CEPES / SEE











Según el Comité Económico y Social Europeo: “las empresas de la economía social aportan, dentro de la diversidad de sus sectores de actividad, múltiples respuestas para evolucionar hacia una sociedad más cohesionada y cuidadosa con el interés público. La economía social es un motor clave del desarrollo económico y social. Las empresas de la economía social desempeñan un papel clave en la creación y el mantenimiento de empleos de calidad, el éxito del pilar europeo de los derechos sociales y la Agenda 2030 para el Desarrollo Sostenible... Las empresas de economía social se caracterizan por el hecho de que sirven al interés general o a una comunidad y no tienen como fin maximizar sus beneficios. Su objetivo es claramente social: **se trata de mejorar el bienestar individual y colectivo reduciendo las desigualdades y mejorando la cohesión social. Se trata además de contribuir a desarrollar empleos de calidad en empresas socialmente responsables...**

Nosotros, Estados, gobiernos, instituciones internacionales, autoridades locales y organizaciones comprometidas con una economía social e inclusiva compartimos una misma convicción:

“Frente a los desafíos ecológicos, económicos, sociales y demográficos de la humanidad y del planeta, debemos promover una nueva vía, fundada en nuevas alianzas, que se base en la energía y la experiencia ciudadana y movilice al poder económico y financiero al servicio del impacto social y medioambiental innovando lo más cerca posible del territorio”

Comienzo de Manifiesto de París
“Pact for Impact” Julio 2019



EUROPA Y LA ECONOMÍA SOCIAL

- 📌 Consejo de Ministros 2015 (unanimidad): “La Economía Social, clave para afrontar los retos de Europa”.
- 📌 Intergrupo de Economía Social en el Parlamento Europeo desde 1990.
- 📌 Apuesta de la COMISIÓN EUROPEA por la aprobación en el 2021 del [PLAN DE ACCIÓN EUROPEO DE LA ECONOMÍA SOCIAL 2021-2025. Se aprueba el 8 de Diciembre de 2021.](#)
- 📌 [Compromiso 19 Gobiernos](#) de la UE, firmantes en la Declaración de Toledo 2020. “La Economía Social como agente clave para un futuro inclusivo y sostenible”.
- 📌 La Economía Social en el 2020 se ha contemplado con un Actor clave en más de [25 documentos estratégicos de las Instituciones Comunitarias](#) sobre Plan de Acción, Economía Circular, PYMES, Pilar de Derechos Sociales, Digitalización, Energía, Agenda de las Capacidades.
- 📌 La Economía Social es uno de los [14 Ecosistemas prioritarios](#) para la Comisión Europea para desarrollar la Estrategia de la UE para la recuperación. Una de las 9 palancas de desarrollo identificadas por el Gobierno español.
- 📌 El [Plan Europeo del Pilar de Derechos Sociales](#) identifica a la Economía Social como un actor clave en la creación de empleos que da respuesta a los retos de la sociedad para varios sectores económicos: Reducción de la pobreza; Empleo, más del 80% 18-65; Formación permanente.
- 📌 El [Reglamento Europeo que regula el Mecanismo de recuperación y resiliencia](#) que marca la actuación de los Fondos Next Generation contempla a la Economía Social como actor empresarial fundamental para atenuar los efectos del COVID.



España, referente europeo de Economía Social

- 1ª Ley de Economía Social. 2011.
- 1^{er} país europeo en tener una “**Estrategia de país para la Economía Social**” que ha supuesto la aprobación de **Estrategias Autonómicas** para el impulso de la Economía Social.
- Desde 2020 cuenta con un Ministerio de Trabajo y Economía Social.
- Único país europeo con un Programa Operativo de Economía Social (Fondo Social Europeo).
- La Economía Social se ha considerado como una de las 9 políticas palanca de la Agenda 2030.
- CEPES**, representa al conjunto de la Economía Social Española
- Mesa de la Economía Social** como instrumento del Diálogo Social.
- En el año 2020 el Gobierno de España presidió un **Comité de 19 gobiernos** que han priorizado la Economía Social en sus políticas, pasando a ser después a 19.
- Se ha considerado de forma específica a la Economía Social en los **Fondos Next Generation**

A contribución da economía social galega

Maite Cancelo

La empresa de economía social es un claro ejemplo de como la racionalidad y el progreso social son compatibles, de cómo la eficiencia empresarial puede convivir con la responsabilidad social. De cómo otra forma de hacer empresa es posible.

Maite Cancelo

**Directora do
Centro de
Estudos
Cooperativos de
Galicia
(CECOOP)**

El Centro de Estudios Cooperativos de Galicia es un centro propio de investigación. Fue aprobado por el Consejo de Dirección de la Universidad de Santiago de Compostela con fecha del 16 de abril de 2002. Creado por la USC y la Xunta de Galicia, por medio de la Dirección General de Relaciones Laborales, como Centro Universitario de carácter mixto dedicado a la investigación, formación y estudio del cooperativismo en sus dimensiones económica y jurídica, en los ámbitos gallego, español, europeo e internacional.

El CECOOP se encargó de la elaboración del primeiro estudo sobre a Economía Social en Galicia, o **Libro Branco da Economía Social en Galicia**, partindo do elaborado polo CIRIEC para a Comunidade Autónoma de Valencia e se-

guindo a mesma metodoloxía pero incorporando as peculiaridades galegas. En Galicia, as cooperativas e sociedades laborais aportan o 5% do PIB galego. Sumando a información dispoñible doutras entidades, estimamos que a cifra sube ao o 7%.

Informe sobre a economía social en Galicia 2019

Obxectivos:

- Continuar cuantificando a importancia do sector e a súa contribución ao desenrolo económico galego.
- Visibilizar as diferentes familias da economía social galega ante a sociedade.

Equipo de traballo:

Profesores e investigadores das universidades de Santiago de Compostela e Vigo:

Entidades analizadas no estudo:

- Cooperativas
- Sociedades Laborais
- Centros Especiais de Emprego
- Empresas de Inserción Laboral
- Mutualidades
- Sociedades Agrarias de Transformación
- Confrarías de pescadores
- Comunidades e Mancomunidades de Montes Veciñais en Man Común

12

Outros apartados recollidos no estudo:

- ## Cooperativas

- Son o 4% das inscritas na Seguridade Social en España.

- ## Sociedades Laborais

- A 31 de decembro de 2019, segundo consta no Rexistro da Xunta de Galicia, había 1.478 sociedades laborais inscritas na nosa comunidade, a maioría nas provincias de Pontevedra (568) e A Coruña (498).
- Cos datos do Ministerio, o 5,4% das españolas están en Galicia.
- A tendencia, nestas sociedades, ao contrario que acontece nas sociedades cooperativas, é de redución progresiva da mesma. Sendo menos acusada a tendencia galega
- No ano 2019 constituíronse 33 novas sociedades, 29 as atopamos no sector servizos.
- As baixas neste ano foron 112, 75 nos servi-

zos (datos do Ministerio de Traballo).

Centros Especiais de Emprego

- En decembro de 2019 había 111 Centros Especiais de Emprego en Galicia, 57 pertencentes á Economía Social e 54 á Economía capitalista. Son dous máis que no ano anterior.
- Por provincias, a maioría dos CEE os atopamos na Coruña, 61,3%; seguida de Pontevedra, 25,2%; Lugo con o 9,9%; e Ourense co 3,6%
- A gran maioría operan no sector servizos.
- Máis do 50% dos contratos específicos a persoas con discapacidade realizáronse nos CEE.

Empresas de Inserción Laboral

- En decembro de 2019 hai 12 empresas de inserción laboral en Galicia. Neste ano rexistráronse 2 novas.
- A maioría (9) operan no sector servizos e atópanse na provincia da Coruña (7).
- Aínda que dende o ano 2014 obsérvase unha diminución da facturación por traballador, pode deberse ao aumento do número de empregados, 55 no ano 2018.
- Cos datos de FAEDEI o 54,5% dos contratos son de persoas en inserción.

As confrarías de pescadores

- Galicia é a Comunidade Autónoma con maior número de confrarías de pescadores, 63, que representa o 31,8% do total estatal.
- Por provincias: 6 en Lugo, 35 na Coruña e 22 en Pontevedra.
- Total de afiliacións no 2019: 13.409 (+675 sobre o 2018).
- Empresas afiliadas no 2019: 4.420 (+108 sobre o 2018).
- Persoas traballadoras afiliadas: 8.989 (+567 sobre o 2018).

As Sociedades Agrarias de Transformación

- No ano 2019 había un total de 12.317 SAT inscritas en Galicia.
- O número de socios era de 306.989.
- O capital social de 1.034 millóns de euros.
- Con relación ao ano 2018, hai 1.062 sociedades menos inscritas pero hai un aumento de 6.780 socios.
- Por provincias, o 49,1 % das SAT atópanse na Coruña (552).
- Lugo, con 317 sociedades, representa o 28,2%.

As Comunidades e Mancomunidades de Montes Veciñais en Man Común (CMMVMC)

- Preto de 700.000 hectáreas de territorio galego (case o 25% do total) corresponde a Montes Veciñais en Man Común.
- No ano 2019 había rexistradas no territorio galego, 3.326 Montes Veciñais en Man Común.. O tamaño medio é de 219 hectáreas.
- As 3.200 CMVMC se reparten do seguinte xeito:
 - 38,2% en Ourense
 - 30,6% en Lugo
 - 21,9% en Pontevedra
 - 9,3% na Coruña
- Por último, no ano 2019 había 34 Mancomunidades rexistradas en Galicia, máis da metade na provincia de Pontevedra. ■



Apuntes para un incremento de valor e consolidación da economía social galega

Celso Gándara

1. O Foro de Economía Social de Galicia (ForoESGAL) é un actor estratéxico, un instrumento do sector empresarial da economía social que ten tres obxectivos principais:

- Incrementar a visibilidade da Economía Social.
- Representar os intereses da Economía Social ante os principais axentes políticos, económicos e sociais.
- Xerar condicións para o desenvolvemento das entidades de E.S galegas a través da intercooperación e o acceso aos procesos de contratación pública.

Celso Gándara

Presidente do

**Foro pola
economía social
galega**

Para o cumprimento destes tres obxectivos, o Foro traballa en distintas liñas, entre as que salientan:

1.- Estudos para recoñecer a contribución da economía social.

2.- Papel histórico e modelos corporativos de principios e valores como instrumentos de creación de identidade da E.S. galega.

3.- Difusión e coñecemento da E.S. entre os principais axentes políticos, económicos e sociais e nas principais institucións de Galicia.

4.- Posicionamento do sector da E. S. nos diferentes desenvolvementos legislativos.

5.- Xeración de alianzas creando un ecosistema fértil para o desenvolvemento da E.S.

6.- Desenvolver unha E.S. galega conectada a nivel estatal e europeo, como fonte de innovación.

7.- Estimular o desenvolvemento sectorial da E.S. a través dun plan de economía social de Galicia.

8.- Reformulación da rede EUSUMO, como principal instrumento de políticas públicas.



9.- Integración do sistema de emprendemento en economía social no sistema de emprendemento de Galicia.

10.- Profundizar na contratación pública responsable e cláusulas sociais. ■

O Consello da Economía social de Galicia

M^a de Mar Pernas Márquez

O Consello da Economía Social de Galicia é o órgano consultivo e asesor para as actividades relacionadas coa economía social galega, especialmente no eido da promoción e difusión da economía social. Este órgano promoverá o diálogo, a coordinación e a colaboración entre todos os actores da economía social, como espazo de participación das entidades da economía social de Galicia.

**M^a del Mar Pernas
Márquez**

Representante do
Consello
de Economía
Social de Galicia
no CES-Galicia

Para presentar o Consello da Economía Social de Galicia temos que achegarnos á lei 6/2016, do 4 de maio, da Economía Social de Galicia, por ser a normativa que recolle a súa creación e regula o seu funcionamento. Esta lei ten por finalidade recoñecer, fomentar e impulsar as entidades que integran a economía social para o eficaz cumprimento dos fins económicos e sociais que lle son propios, potenciando a súa presenza, crecemento e influencia en todos os campos da acción social, económica e empresarial, así como o establecemento de mecanismos para a súa organización e coordinación, respectando a súa autonomía. E por obxecto, establecer unha regulación común aplicable ao conxunto das entidades que integran a economía social en Galicia,

con pleno respecto á normativa específica que se aplica a cada clase de entidades, e mais á normativa básica estatal, a Lei 5/2011, do 29 de marzo, de economía social.

O primeiro que fai a lei é definir que se entende por Economía Social, identificando como tal o conxunto das actividades económicas e empresariais que, no ámbito privado, realizan entidades que se rexen polos principios orientadores que se relacionan a continuación e que perseguen o interese colectivo das persoas que as integran, o interese xeral económico ou social, ou ambos.

As entidades de economía social, inspiradas

polos valores de axuda mutua, responsabilidade, democracia, igualdade, equidade, solidariedade, honestidade, transparencia, autonomía, autoxestión, responsabilidade social e preocupación polas demais persoas, están baseadas nos seguintes **principios orientadores**:

a) A primacía das persoas e do fin social sobre o capital, que se concreta nunha xestión autónoma e transparente, democrática e participativa, que leva a priorizar a toma de decisións máis en función das persoas e as súas achegas de traballo e servizos prestados á entidade, ou en función do fin social, ca en relación coas súas achegas ao capital social.

b) A aplicación dos resultados obtidos da actividade económica, principalmente en función do traballo achegado e do servizo ou da actividade realizados polas socias e os socios ou polas persoas integrantes, se for o caso, ao fin social obxecto da entidade, ao servizo da consecución de obxectivos como o desenvolvemento sustentable, o interese dos servizos aos membros e o interese xeral.

c) A promoción da solidariedade interna e coa sociedade que favoreza o compromiso co desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a cooperación, a inserción de persoas con discapacidade e de persoas en risco ou en situación de exclusión social, a xeración de emprego estable e de calidade, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e mais a sustentabilidade.

d) A independencia a respecto dos poderes públicos.

e) O compromiso co territorio, fronte ao despoboamento e o envellecemento no medio rural galego, inxectando estabilidade e futuro.

f) O fortalecemento da democracia institucional e económica.

As entidades da economía social

En base a isto, a lei identifica as entidades da economía social de Galicia:

- as sociedades cooperativas galegas,
- as sociedades laborais,
- as empresas de inserción,
- os centros especiais de emprego,
- as confrarías de pescadores,
- as sociedades agrarias de transformación,
- as comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común,
- as fundacións e as asociacións que leven a cabo actividade económica,
- as mutualidades, e
- as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos valores e principios orientadores establecidos nesta lei, sempre e cando desenvolvan unha actividade económica e empresarial.

Un dos principios orientadores é o compromiso co territorio, fronte ao despoboamento e o envellecemento no medio rural galego, inxectando estabilidade e futuro.

Así mesmo, poderán formar parte da economía social de Galicia as entidades que realicen actividade económica e empresarial, cuxas regras de funcionamento respondan aos principios regulados descritos e que sexan incluídas no Catálogo de entidades da economía social.

Como xa indiquei, a Lei de Economía Social de Galicia crea o Consello da Economía Social de Galicia como órgano consultivo e asesor para as actividades relacionadas coa economía social,

especialmente no ámbito da promoción e difusión da economía social. O Consello promoverá o diálogo, a coordinación e a colaboración entre todos os actores da economía social, e será a canle principal de participación das entidades da economía social.

Este órgano colexiado quedará integrado na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellaría competente en materia de economía social, neste intre a Consellería de Emprego e Igualdad, sen participar na súa estrutura xerárquica.



Correspóndenlle ao Consello da Economía Social de Galicia as seguintes **funcións**:

a) Asesorar, cando sexa requirido para iso, na planificación, no fomento, na coordinación e na execución dos programas de promoción e difusión da economía social, en especial mediante a elaboración de recomendacións.

b) Emitir informe, con carácter facultativo e non vinculante, sobre os proxectos de normas reguladoras que afecten as entidades da economía social galega.

c) Elaborar estudos e propostas sobre cuestións que afecten a economía social en Galicia, así como os informes que con carácter facultativo e non vinculante lle soliciten as autoridades competentes sobre esta materia.

d) Colaborar na elaboración e avaliación dos programas de desenvolvemento da economía social, cando sexa requirido para isto.

e) Formular e emitir informe sobre as propostas de incorporación ou exclusión no Catálogo galego de entidades da economía social de tipos de entidades da economía social.

f) Orientar a cooperación empresarial entre as entidades que forman parte da economía social.

g) Asesorar, cando sexa requirido para iso, na integración e coordinación da promoción da economía social coas demais políticas públicas, en especial coas dirixidas á creación de emprego, ao fomento do emprendemento e ao desenvolvemento local e rural.

h) Velar pola promoción e pola axeitada aplicación dos principios da economía social expresados nesta lei.

i) Todas aquelas funcións que veñan determinadas por disposicións legais ou regulamentarias.

Ao Consello da Economía Social de Galicia, correspóndelle designar as persoas que deban ter a representación das entidades de economía social nos órganos de participación institucional de carácter xeral ou específico, de conformidade co que establezan as normas reguladoras do funcionamento destes, así como a designación de persoas interlocutoras e representantes da economía social de Galicia nos ámbitos en que proceda.

Composición

O Consello da Economía Social de Galicia está composto por 28 persoas, das que so 27 teñen voto e destas, 12 representan ás entidades da economía social, estando lonxe de ter un peso maioritario no organismo.

a) A presidencia, que a ocupará o conselleiro ou a conselleira competente en materia de economía social, ou persoa en quen delegue.

b) A vicepresidencia primeira, que a ocupará a persoa titular da dirección xeral competente en

O Consello promoverá o diálogo, a coordinación e a colaboración entre todos os actores da economía social



materia de economía social, ou persoa en quen delegue.

c) A vicepresidencia segunda, que será ocupada pola persoa elixida maioritariamente polas persoas membros do Consello da Economía Social representantes das entidades da economía social, de entre elas.

d) Doce persoas en representación das entidades da economía social de Galicia, -considérase como entidade máis representativa a que agrupe un maior número de persoas físicas a través das entidades asociadas, como socios ou socias, patróns ou patroas, persoas asociadas ou traballadores e traballadoras-, nomeadas do seguinte xeito:

1º. Seis persoas propostas polo Consello Galego de Cooperativas de entre os seus membros representantes das cooperativas en función da súa representatividade nese órgano.

2º. Unha persoa proposta pola entidade de representación das sociedades laborais máis representativa.

3º. Unha persoa proposta pola entidade de representación dos centros especiais de emprego máis representativa.

4º. Unha persoa proposta pola entidade de representación das empresas de inserción máis representativa.

5º. Unha persoa proposta pola entidade de representación das asociacións e fundacións máis representativa.

6º. Unha persoa proposta pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores.

7º. Unha persoa proposta pola entidade de representación das comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común máis representativa.

e) Nove persoas en representación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:

1º. Unha persoa representante da consellaría competente en materia de economía social.

2º. Unha persoa representante da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

3º. Unha persoa representante da consellaría competente en materia de desenvolvemento mariño.

4º. Unha persoa representante da consellaría competente en materia de economía e industria.

5º. Unha persoa representante da consellaría competente en materia de emprego.

6º. Unha persoa representante da consellaría competente en materia de educación.

7º. Unha persoa representante da consellaría competente en materia de fundacións e asociacións.

8º. Unha persoa representante da consellaría competente en materia de política social.

9º. Unha persoa representante da consellaría competente en materia de igualdade.

f) Unha persoa designada conxuntamente polas organizacións sindicais intersectoriais da comunidade autónoma con dereito de participación institucional consonte a normativa aplicable.

g) Unha persoa en representación das organizacións empresariais intersectoriais máis representativas a nivel galego.

h) Unha persoa representante dos concellos de Galicia proposta pola Federación Galega de Municipios e Provincias.

i) Unha persoa representante das universidades de Galicia designada conxuntamente polas universidades do Sistema universitario de Galicia.

A secretaría será ocupada por unha persoa funcionaria proposta pola dirección xeral competente en materia de economía social, quen actuará con voz pero sen voto.

A composición e a organización do Consello, así como dos seus órganos, realizaranse atendendo o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes na súa composición total.

O Consello funcionará en pleno e a través de comisións de traballo. Correspóndelle ao Pleno o exercicio das funcións outorgadas ao Consello, aprobar as normas de réxime interno, constituír comisións de traballo e calquera outra función que resulte precisa para o cumprimento dos seus obxectivos. Poderán crearse comisións de traballo para o estudo de cuestións concretas e a elaboración de informes e ditames. A súa creación e extinción acordarase expresamente o Pleno.

En todo caso, ás reunións do Pleno ou das comisións de traballo poderán asistir, sen dereito a voto, unha persoa asesora por cada unha das entidades da economía social, da Administración xeral da Comunidade

Autónoma, dos concellos de Galicia e das universidades de Galicia, representadas no Consello da Economía Social de Galicia, así como as persoas que autorice o correspondente órgano.

E por último destacar que a lei establece dúas disposicións:

- A necesaria coordinación co Consello Galego de Cooperativas, máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo, que segue tendo as funcións e competencias atribuídas pola Lei de cooperativas de Galicia e constitúe o superior órgano de representación do cooperativismo no ámbito da Comunidade Autónoma, ao que lle corresponden en exclusiva as funcións de carácter consultivo e asesor das administracións públicas galegas, naqueles temas que afecten o cooperativismo. O Consello da Economía Social de Galicia coordinará as súas actuacións coas do Consello Galego de Cooperativas, a través dunha comisión específica formada por seis persoas, nomeadas de forma paritaria entre as persoas integrantes de cada un dos ditos órganos e unha presidencia designada pola consellaría competente en materia de economía social.

- E o demandado recoñecemento e participación nos órganos consultivos de carácter económico e social, en particular no Consello Económico e Social e no Consello Galego de Economía e Competitividade, así como nos órganos que se creen especificamente para a participación institucional na definición de políticas activas de emprego e de desenvolvemento nos planos económico e social. As normas reguladoras de ditos órganos, determinarán a forma en que participarán neles as entidades da economía social, cuxa representación será designada polas entidades que integran o Consello da Economía Social de Galicia. ■

O Consello da Economía Social de Galicia coordinará as súas actuacións coas do Consello Galego de Cooperativas.

Cofradías de pescadores como parte de la economía social

José Basilio Otero Rodríguez

Las Cofradías de Pescadores son órganos de consulta y colaboración con la Xunta de Galicia. Sus órganos de gobierno son el Cabildo y la Junta General. Son organismos paritarios, compuestos mitad por armadores y mitad por trabajadores. Representan intereses económicos y sociales.

**José Basilio
Otero Rodríguez**

Presidente
Federación
Provincial de
Cofradías de
Pescadores de
Lugo

Las Cofradías de Pescadores fueron creadas hace siglos por los profesionales de la pesca, y hoy son sucesoras directas de los Pósitos de pescadores, un modelo cooperativo surgido a principios del siglo XX.

Son Corporaciones Públicas y sus fines coinciden con los principios orientadores de la Ley 6/2016 de la Economía Social de Galicia: se busca el interés colectivo de sus integrantes y la primacía de las personas sobre los beneficios.

Crean puestos estables y de calidad, no tienen ánimo de lucro, destinan sus resultados a la consecución del fin social, con independencia de las aportaciones del socio.

Las Cofradías de Pescadores son parte de la Economía Social: Ley 6/2016 de Galicia y Ley 5/2011.

Además, las cofradías gallegas están representadas en entidades tan importantes como:

- **Consello Económico e Social de Galicia**

La Federación Gallega pertenece al pleno del Consejo Económico y Social y las comisiones sectoriales de sector productivo y comisión de desarrollo regional .

- **Consejo de la Economía Social de Galicia**

La Federación Gallega de Cofradías pertenece al pleno del Consejo de la Economía Social de Galicia.



Nuestra red en Galicia:

- 63 Cofradías de Pescadores (Todas incluidas en el Catálogo de entidades de la Economía Social de la Xunta de Galicia).
- 3 Federaciones Provinciales
- 1 Federación Autonómica.

Está reconocida la eficacia de las Cofradías de Pescadores en la generación de empleo y en la contribución al desarrollo económico y social.

Las Cofradías de Pescadores representan un modelo de organización sostenible que tiene una buena imagen para la comunidad científica. Las Cofradías de Pescadores y la implantación de la Agenda 2030.

La Agenda 2030 considera a la Economía Social un área prioritaria de las políticas palanca, y al sector pesquero, que es el que representan las Cofradías de Pescadores, un “sector clave”.

Responsabilidad social corporativa

El compromiso con el desarrollo local, otro principio orientador de la Economía Social.

Las Cofradías de Pescadores son pequeñas empresas comprometidas con la sociedad, que colaboran en la mejora del entorno social y económico, y que contribuyen a inyectar estabilidad y futuro, estando comprometidas con el territorio, frente a la despoblación y el envejecimiento en el medio rural-pesquero gallego.

Las Cofradías de Pescadores participan en los Grupos de Acción Local del sector pesquero en acciones para la cohesión social.

Igualdad de género


Promoción de la igualdad de oportunidades entre hombres y mujeres.

Las Cofradías de Pescadores y sus Federaciones han avanzado en el liderazgo de la mujer en los puestos directivos:

50% Mujeres en las Secretarías de las Federaciones de Cofradías de Pescadores.

AFILIADOS POR GÉNERO

		HOMBRE		MUJER	
AFILIADOS ACTIVOS	GRUPO PRIMERO	33.607	51,90%	6.277	9,69%
	GRUPO SEGUNDO	10.074	15,56%	70	0,11%
	GRUPO TERCERO	10.781	16,65%	3.942	6,09%
	TOTAL	54.462	84,11%	10.289	15,89%
OTRAS SITUACIONES	CONVENIO ESPECIAL	2.037	22,67%	127	1,41%
	DESEMPLEO	4.989	55,53%	840	9,35%
	CESE DE ACTIVIDAD	490	5,45%	501	5,58%
	TOTAL	7.516	83,66%	1.468	16,34%
Total general		61.978	84,06%	11.757	15,94%



Datos a 31/08/2021

Federación Gallega, Pontevedra, A Coruña y Lugo. Con situación similar a la de las otras 4 Federaciones del Cantábrico en que también se alcanza el 50%.

50% Mujeres en las Secretarías de las Cofradías de Cofradías de Pescadores de Galicia.

Contrasta con el porcentaje del 4,5% medio de presencia de las mujeres como directoras de pequeñas empresas de otros sectores de actividad.

Con un 16% a nivel estatal y un 23,49% en Galicia, la mujer está infrarrepresentada en lo que se refiere a su participación en las actividades del sector pesquero.

En las Cofradía de Pescadores queda por avanzar en cuanto a la visibilización de la mujer en la actividad:

Reforzar la presencia y la visibilización de la mujer en la actividad pesquera como hoy manda el ODS 5 de la Agenda 2030.

Por su parte la Consellería de Empleo e Igualdad convoca ayudas regularmente para implantar la igualdad laboral, la conciliación y la Responsabilidad Social de la Empresa.

Las Cofradías de Pescadores a través en su caso del Grupo Ad Hoc de mujeres de la pesca de la Federación Nacional seguirá colaborando con la Red Española de Mujeres en el Sector Pesquero, y con la Xunta de Galicia.

Las Cofradías de Pescadores colaborarán también con el Estado en la aplicación del futuro Plan Estratégico de Igualdad y en la del nuevo Plan para la Igualdad de Género en el Sector Pesquero y Acuícola.

Desarrollo sostenible y la sostenibilidad ambiental

Los principios ambientales están en la naturaleza de las Cofradías de Pescadores.

Destaca la lucha contra el furtivismo, el intrusismo y la economía sumergida.

Contribuyen a la economía verde y circular, como destaca la Estrategia Gallega de Economía Circular en el horizonte 2020-2030.

Participan en los principios del desarrollo sostenible y de la sostenibilidad ambiental:

- Colaboran en la aplicación de la Política Pesquera Común.
- Colaboran en la aplicación de la Política Marítima integrada.

La **innovación tecnológica** es un objetivo de la Economía Social y la agenda 2030. En Galicia puedo destacar como ejemplo el Proyecto Xesmar.

La formación y la actualización de las personas vinculadas a las entidades de la Economía Social es otro objetivo de la ley gallega de la Economía Social.

Hay dos puntos importantes para las Cofradías de Pescadores en su condición de entidades de la Economía Social:

1.- Cofradías de Pescadores como entidades de la Economía Social en Galicia.



2.- Cofradías de Pescadores como entidades de la Economía Social ante la Unión Europea y el Estado. ■

O cooperativismo en Galicia: modelo empresarial transversal e presente en todo o territorio

Ana Olveira Blanco

As primeiras expresións do cooperativismo como modelo empresarial datan de finais do S. XVIII vinculadas ao balbordo da revolución industrial. Dende aquela converteuse nunha realidade empresarial, con presenza en case todos os países do mundo, o que o converte nunha das fórmulas societarias con máis tradición histórica e expansión territorial homoxeneizada ao longo de todo o planeta.

Ana
Olveira Blanco

Presidenta
EspazoCoop

Unión de
Cooperativas
Galegas

Ademais as cooperativas caracterízanse por contar cunha definición harmonizada na que todas se senten representadas e que foi acordada pola Alianza Cooperativa Internacional (ACI) no seu congreso de Manchester do ano 1995:

“Asociación autónoma de persoas que se unen de forma voluntaria para satisfacer as súas necesidades e aspiracións económicas, sociais e culturais en común mediante unha empresa de propiedade conxunta e de xestión democrática”.

Se analizamos esta definición encontramos nela algúns dos principios nos que estas entidades se sustentan e que están vixentes practicamente dende a constitución das primeiras coo-

perativas pero, obviamente, adaptando a súa definición a cada momento histórico.

Adhesión voluntaria e aberta: “As cooperativas son organizacións voluntarias, abertas a todas as persoas capaces de empregar os seus servizos e dispostas a aceptar as súas responsabilidades como socios e socias, sen discriminación social, política, relixiosa ou de sexo”.

Popularmente coñecido como principio de portas abertas. É unha das maiores diferenzas das cooperativas con respecto a outras figuras mercantís. Neste caso as persoas socias poden solicitar a entrada ou a saída na organización cando o desexen sempre que sexan quen de asumir as responsabilidades que lle atinxen como parte

da organización e a solicitude sexa aprobada polo órgano de administración correspondente.

Xestión democrática por parte das persoas socias: “as cooperativas son organizacións xestionadas democraticamente polos socios e socias, as cales participan activamente na fixación das súas políticas e na toma de decisións. Os homes e as mulleres elixidos para representar e xestionar as cooperativas son responsables ante os socios e socias”.

Nas cooperativas os socios e as socias teñen igual dereito de voto (un socio, un voto) o que as converte en organizacións profundamente democráticas onde as liñas estratéxicas márcanse na Asemblea Xeral, máximo órgano de decisión, composto pola totalidade das persoas ou entidades socias e onde contan co mesmo valor á hora de votar. Non existindo, por tanto, diferenzas en canto ao capital que achega cada unha delas.

Participación económica dos e das socias: “As persoas socias contribúen de xeito equitativo ao capital das súas cooperativas e o xestionan de xeito democrático. Os excedentes asígnanse aos fins que persegue a cooperativa, posiblemente mediante o establecemento de reservas das cales, polo menos unha parte serán irrepatriables. O resto beneficiarán as persoas socias en proporción ás súas operacións coa cooperativa; e o apoio a outras actividades aprobadas.”

A participación económica das persoas socias enténdese no modelo cooperativo dende dúas perspectivas: achega de capital para formar parte da organización e control democrático sobre a xestión do mesmo. Todas as persoas que desexen formar parte da organización deberán achegar as cantidades que se establecen nos estatutos en concepto de capital social e de achegas obrigatorias.

Autonomía e independencia: “As cooperativas son organizacións autónomas de autoaxuda, xestionadas polos seus socios e socias. Asínanse acordos con outras organizacións, incluídos os gobernos, ou conséguense capital de fontes externas, en termos que aseguren o control democrático por parte dos seus socios e socias e mantemento da súa autonomía cooperativa.”


Ambos principios buscan manter á cooperativa libre de influencias ou sometida a outros criterios que non sexan os emanados directamente dos seus órganos de decisión.

Educación, formación e información: “As cooperativas proporcionan educación e formación ás persoas socias, aos representantes elixidos, aos directivos e directivas e aos empregados e empregadas para que poidan contribuír de xeito eficaz ao desenvolvemento das súas cooperativas. Elas infórmanlle ao gran público, especialmente á xente nova e aos líderes de opinión, da natureza e beneficios da cooperación.”

Este principio débese entender dende dúas perspectivas: a aposta pola educación e formación de todas as persoas que forman parte da organización e o dereito á información sobre todo o que acontece na cooperativa que teñen todas as persoas socias. Igualar a formación de homes e mulleres e democratizar o acceso á información son ferramentas que sen ningunha dúbida axudan ao apoderamento das persoas que forman ou participan das organizacións.

Cooperación entre cooperativas: “As cooperativas serven aos seus socios e socias o máis eficazmente posible e fortalecen o movemento cooperativo traballando conxuntamente mediante estruturas locais, nacionais, rexionais e internacionais.”

Con este principio preténdese a creación de



Gráfica 1.- Tipos de cooperativas en Galicia

redes e espazos que favorezan os valores cooperativos: axuda mutua, responsabilidade, democracia, igualdade, equidade e solidariedade.

Interese pola comunidade: “As cooperativas traballan para conseguir o desenvolto sostible das súas comunidades mediante políticas aprobadas polos seus socios e socias.”

As cooperativas son empresas asentadas nun entorno e como tal deben participar na súa mellora tratando, entre moitas outras cousas, de transmitir os valores e principios do cooperativismo. Este compromiso das cooperativas coa comunidade e co seu desenvolvemento pode axudar a crear un entorno que facilite a participación das mulleres.

Así, estamos diante dun modelo empresarial sustentado nuns principios de funcionamento globais e compartidos o que as converte, en palabras do presidente da ACI, Ariel Guarco, en empresas que non fan RSE se non que son RSE ao leva-la no seu ADN.

En Galicia existen algo máis de 1.500 cooperativas activas neste ano 2021, que se encontran asentadas ao longo da práctica totalidade do país, de

feito, poucos son os concellos de Galicia que non contan con esta realidade no seu territorio.


Tipoloxía

En canto á súa tipoloxía, podemos distinguir tres tipos de cooperativas:

Cooperativas de traballo asociado, son aquelas nas que as persoas físicas se unen para satisfacer de forma conxunta a necesidade de xerar un emprego. Estase, polo tanto diante da fórmula óptima para o autoemprego ou o emprendemento colectivo.

Cooperativas de servizos, promovidas por profesionais e titulares de negocios co fin de satisfacer servizos que favorezan ás súas empresas. Estamos diante, neste caso, de cooperativas de maior tamaño e cun maior volume de facturación que as anteriores. En Galicia destacan nesta tipoloxía as cooperativas agroalimentarias, que ademais de dar solución ás necesidades das entidades socias, teñen demostrado a súa capacidade para vertebrar e dinamizar o territorio no que se asentan.

Por último, atoparíanse as **cooperativas de con-**



Gráfica 2.- Evolución do número de cooperativas constituídas.

sumo, que son aquelas nas que se asocian persoas físicas e xurídicas que contan cunhas necesidades comúns á hora da adquisición de bens ou servizos.

En Galicia as cooperativas máis comúns, tal e como se observa na **gráfica 1**, son as cooperativas de traballo asociado seguidas polas agrarias. Tal e como xa se indicou, esta tipoloxía é a máis frecuente para poñer en marcha proxectos de autoemprego polo que estes datos dan conta da importancia do modelo para este fin.

En canto á distribución no territorio, as cooperativas están presentes en boa parte do territorio galego sendo as provincias de Pontevedra e A Coruña as que contan cunha maior concentración, como é lóxico pola tipoloxía das mesmas.

Se se atende á evolución do cooperativismo en Galicia nos últimos anos está a ser moi positiva contando con cifras de constitución elevadas con referencia á serie histórica aínda en anos de pandemia. Así, e tal como mostra a **gráfica 2**, dende o ano 2017 no que existe un claro cambio de tendencia, a creación de cooperativas ven situándose en cifras récord.

En referencia aos sectores nos que se levan a cabo estas constitucións, seguen unha tendencia simi-

lar ao do resto do tecido produtivo sendo o sector servizos o que contribúe cun maior número de constitucións. Cabe destacar que nos últimos dous anos o sector primario e secundario tiveron un cambio de tendencia que mellora a súa evolución.

Por último, destacar as **principais características** coas que conta o cooperativismo na súa actuación empresarial. Son empresas que non deslocalizan xa que están asentadas no territorio e veñen a cubrir as necesidades das persoas ou empresas nun ámbito xeográfico determinado. Son entidades que contribúen a fixar a poboación xa que xeran emprego e riqueza alí onde se poñen en marcha o que as converten, de facto, en ferramentas para o desenvolvemento local. En definitiva, son empresas que xeran impacto social tanto polos produtos e servizos que producen como, sobre todo, por como os producen a través de empresas de xestión democrática, participativas, onde as persoas se atopan no centro da toma de decisións ao situar o obxectivo social por encima da maximización de beneficios.

Como se pode observar o cooperativismo, atendendo á súa concepción, tipoloxías e características, é unha ferramenta válida para abordar desafíos globais dando respostas dende o local ou o máis próximo. ■

Os centros especiais de emprego, presente e futuro

José Antonio Vázquez Freire

José Antonio
Vázquez Freire

CEGASAL





Cegasal



Objetivos

- Cegasal nació por necesidad




Objetivos

- Contribuimos a una economía de la personas.
- Generamos empleo.
- Generamos formación



Objetivos

- La necesidad de no ser una organización endogámica





Cegasal

A NOSA HISTORIA

- Organización pionera en su constitución al incluir – SIN ÁNIMO DE LUCRO NACE en 1997

OBXETIVO

- Fomentar el empleo de calidad para personas con discapacidad o en riesgo de exclusión

NA ACTUALIDADE

- **32 CEEis**
- Entorno a **1.500 trabajadores**
- Facturación de **35 millones** de euros
- **14** sectores productivos: joyellería, téxtil, alimentación, artes gráficas, transporte, jardinería, servicios...

INTEGRACIÓN VERTICAL

- Confederación de empresarios de Galicia (CEG)
- Circulo de empresarios de Vigo
- Asociación de Autónomos de Galicia
- Foro por la Economía Social Galega

SECTORES



MEDIOAMBIENTE

Coregal, Dixardin, Emprego Social,
Viveiros Valadares, Iunión Limpeza,
Trameve



AUTOMOCION

Iunión servizos industriais,
Cualicar



SERVIZOS



VARIOS

Integratex, Grafínco,
Artogalia, I Job, Iunión retail
y comercialización, Iunión
saúde

Temas de Interés



- Convenio colectivo de centros especiales de empleo de iniciativa social.



- Reuniones trimestrales con los periodistas responsables de economía.



- Mesa de seguimiento de contratos reservados de la Xunta de Galicia.

Empresas que forman parte de la Red Cegasal

Empresas que forman parte



Premios Cegasal



Divulgación



Mesas de Contratos de la Xunta



Encuentros empresariales



Las empresas de inserción laboral

Isabel Fraga Castro

Las Empresas de Inserción Laboral (EIL) son un instrumento de lucha contra la desigualdad, la pobreza y a exclusión social. Su objetivo es la integración y formación sociolaboral de personas en situación de exclusión social como tránsito al empleo ordinario.

Hablamos de pobreza....¿hacemos un viaje a través de la contribución de las EIL a los objetivos de desarrollo sostenible (ODS)?

**Isabel
Fraga Castro**

Presidenta de
AEIGA

ODS 1 .- Fin de la Pobreza

¿Quién puede constituir una EIL?

Entidades promotoras sin ánimo de lucro. Objeto social = Inserción social de personas en situación y/o riesgo de exclusión social y promoción de EILs

Personas destinatarias

Situación de exclusión social +

Desempleo +

Dificultades importantes para integrarse en el mercado de trabajo ordinario +

1 o más de los factores tipificados en el RD156/2007

Valoración por parte de los servicios sociales.

Ratificación = Servicio de Inclusión de la Xunta de Galicia.

ODS 8.- Garantizar un Trabajo Decente

Obligaciones EIL

Incorporación al mercado laboral, personas en riesgo y/o situación de exclusión social, proporcionándoles un trabajo remunerado.

(30% mínimo = contratos de personas en inserción)

El Trabajo Decente = ocupación productiva justamente remunerada y ejercida en condiciones de libertad, equidad, seguridad y respeto = empleo digno.



ODS 4.- Garantizar una Educación Inclusiva, Equitativa y de Calidad y promover oportunidades de aprendizaje

Proporcionar a las trabajadoras y trabajadores en procesos de inserción, medidas personalizadas de apoyo, a través de itinerarios de inserción sociolaboral personalizados.

Obligaciones EIL:

Formación en competencias técnico profesionales.

Acompañamiento en el puesto: adquisición de hábitos sociales de trabajo.

Acompañamiento personal y social: normal desarrollo del proceso de adaptación social.

Temporalidad y objetivo de los contratos en inserción:

Las EILs no son un fin en si mismas, sino un instrumento de intervención sociolaboral para preparar a personas que se encuentran en

situación de vulnerabilidad para incorporarse al mercado laboral ordinario.

Particularidad EIL: Disponen de servicios de intervención o acompañamiento para la inserción socio-laboral que faciliten su posterior incorporación al mercado de trabajo ordinario.

ODS 5 y 10.- Igualdad de Género y Reducción de las desigualdades

Nuestro compromiso queda constatado, ya que los datos confirman que el 50% de los puestos de trabajo que las EILs mantienen anualmente están ocupados por mujeres. Tanto como personal directivo, técnico como con contrato de inserción.

ODS 9.- Industria, Innovación e Infraestructura

Creación de empresas resilientes (viables) que priorizan la formación y el acompañamiento de

las personas trabajadoras, reinvertiendo el 100% de sus beneficios.

Fortalecimiento del tejido industrial y contribución al crecimiento en los lugares más desfavorecidos: desarrollo del rural.

Reducción de la brecha digital, para garantizar el acceso igualitario a la información y el conocimiento, y promover la innovación y el emprendimiento.

Promoción de la industrialización inclusiva y sostenible.

Fomento de la innovación

ODS 7, 11, 12 e 13.- Medio ambiente

Desarrollo en sectores de actividad que emplean y fomentan el uso eficiente de los recursos y de la energía, contribuyendo así a la reducción, reutilización y reciclaje de grandes cantidades de materiales y a la creación de empleos verdes.

- Gestión de residuos orgánicos y sólidos.
- Redes de reutilización de artículos de segunda mano.
- Proyectos medioambientales, forestales y de agroecología.
- Comercio justo y de proximidad.

ODS 17.- Alianzas

El desarrollo sostenible requiere alianzas entre los gobiernos, el sector privado y la sociedad civil.

El itinerario inserción implica la participación activa de la administración.

Tenemos retorno social, a través de la transformación de las políticas pasivas de empleo

en políticas activas.

El sector privado se beneficia de la inserción real de personas cualificadas.

Participamos en Redes como FOROESGAL, FAE-DEI, CEPES, RSI, ENSIE...

Resumiendo....

Las EILs

- Ayudan a resolver una necesidad social generando empleo, bajo un modelo empresarial transformador, de alto impacto social y con rentabilidad económica.

- Contribuyen al fortalecimiento de una Economía Social y Solidaria, a la construcción de un modelo de desarrollo local inclusivo e impulsan la cohesión social de la sociedad.

- Aseguran la igualdad de oportunidades a las personas que se encuentran en una situación de extrema vulnerabilidad, agravada por la situación socio-económica derivada de la pandemia.

Nuestro reto: Visibilizar y promover la creación de empresas de inserción laboral. ■



As sociedades laborais

Antonio Mera de la Fuente

Xunto ao resto da diversidade da que se compón a Economía Social, as Sociedades Laborais poden amosar un alto potencial de xeración de empresas e por ende de emprego. Nestas entidades o montante do cadal social pertence ao corpo das persoas traballadoras na totalidade ou na súa meirande parte. Este feito salientábel, de que ademáis de aportar a forza do traballo, formen parte da sociedade, implementa, automotiva e fornece dunhas características inmejorábeis fronte a outros proxectos.

**Antonio
Mera de la Fuente**

Secretario
Confederal de
Políticas Sociais
CIG

Para conformárense, cumprindo o resto dos requisitos que demanda a Lei, é preciso un mínimo de tres persoas, as cais aportan o seu traballo e os seus coñecementos, que poden ser análogos en profesionais dun sector ou actividade en concreto, ou totalmente diversificados facendo que a entidade sexa dun dinamismo plural e traballe en diferentes eidos, ou concentrando nun sector as varias formacións e experiencias do seu persoal. Persoas que se asocian para aproveitar os beneficios legais desta forma societaria, mais tamén para poder participar nas decisións do camiño a levar adiante, e en qué e como reinvestir.

Na Galiza, a maioría exerce a súa actividade nos sectores de servizos, con grande diferenza, seguidos da industria, a construción e en menor medida da agricultura.

Tanto o seu tamaño iniciático, como a súa constitución en persoal, conlevan unha xestión participativa e democrática da entidade, que empurra a vivir en común os acertos e erros, e deseñar e reconducir a travesía que deberá de percorrer de cara a consecución dos seus fins tanto económicos como sociais.

Traballo na contorna

Fins sociais, aos que se lle engade o de residir apegadas totalmente á súa periferia, realizando o seu traballo na contorna onde están ubicadas moitas das voltas, contribuíndo a xerar emprego, asentamento da poboación en lugares caseque baleiros, recuperando traballos artesanais, oficios de vello, creando de seu novas e imaxinativas ocupacións, resolvendo intelixentemente eivas e carencias detectadas

por elas, etc., o cal compendia antigas, actuais, novas e novedosísimas maneiras de entender o traballo e a relación interpersoal dentro da empresa, coa xente e a sociedade do seu arredor. Aproveitando as sinerxias que xa entre elas se xeran, as infraestruturas que se foron acadando e a tecnoloxía actual, para poder competir e mellorar os mercados nos que se moven os seus produtos ou servizos. Facendo así, que a cativa economía circule e recircule aló onde as grandes inversións non apostan polo emprego, nin polo seu mantemento, senón todo o contrario.

Unha boa ferramenta

Esta figura, aseméllanos unha moi boa ferramenta de cara a cubrir e paliar fallas, para acadar novos e creativos xeitos de xénese de emprego, etc. Mais é tamén a constitución en Sociedade Laboral unha ferramenta esencial para que cando unha empresa entra en crise, por calquera causa (falla do mercado, impagamentos, ruíns decisións, acrecentamento dos custes, caída nas vendas, insuficiencia de creto, problemas sucesorios, etc.), que poden levar en numerosas ocasións á desfeita da empresa, á súa deslocalización, e á consecuente perda dos postos de traballo, directos e indirectos. Esta enorme problemática pode ter solución si as empresas en crise fóran transmitidas aos seus traballadores e traballadoras, con fórmulas normativas máis axís e eficaces, continuando coa súa xestión e os seus traballos, producindo emprego, salarios, cotizacións, pagamento de impostos. Todo o montante que se perde co peche e deslocalización das empresas.

A UE ten manifestado en diferentes documentos oficiais a necesidade de facilitar as condicións e incentivar a transferencia de empresas aos empregados e empregadas, tanto en

casos de crise como en casos de falta de sucesores.

Nos anos setenta e oitenta do pasado século, a transmisión de empresas ás súas traballadoras e traballadores foi unha realidade, sobre todo se atendemos ao acontecido perante a reconversión industrial.

Mais para afondar, unha aposta importantísima neste eido, sería a modificación lexislativa á hora de seren acreedoras as diversas administracións, en empresas consideradas viábeis aínda estando en crise.

Neses intres a prioridade executiva que presentan Facenda ou a Seguridade Social por exemplo, afogan a posíbel supervivencia de empresas nas mans do seu persoal productivo, quen poderían autoxestionar as empresas, salvalas, continuar os seus percorridos vitais e os seus aportes económicos e sociais. Cuestión que en moitas ocasións non é posíbel, xa que o pouco capital existente, edificios, maquinaria, etc, destínanse ao pagamento das súas débedas coas administracións, afogando a continuidade das entidades. Sendo preferíbel a elaboración dun plan no que as administracións delonguen e/ou minoren os cobros a un futuro, logo da transmisión das empresas e da súa recuperación económica, sempre que se entenda que non procede a súa condonación.

A maiores, nestes casos de crise empesarial, as administracións competentes, deberan de formar e informar a traballadoras e traballadores da viabilidade e posibilidade de acadar a propiedade da empresa, requisitos, tramitación, normativa, etc, así como de aportar a oportunidade do financiamento necesario, mediante cretos públicos razoábeis. ■

As sociedades laborais en Galicia

Maica Bouza Seoane

En primeiro lugar, quero transmitirvos un agarimoso saúdo no nome das Comisións Obreiras de Galicia. Se mo permitides, comezarei falando sobre o obxecto da xornada, «a economía social», para compartirvos que, ao noso entender, o tema resulta moi acaído no momento económico e social en que nos atopamos. Como xa se leva falado aquí, as empresas de economía social antepoñen o interese das persoas traballadoras a outros calquera, tentan conxugar con rendibilidade un proxecto social e a conservación de postos de traballo. É un sector, polo tanto, que interesa obxectivamente a unha organización sindical como Comisións Obreiras pois tamén temos representantes nestas empresas.

**Maica
Bouza Seoane**

Secretaria
de Emprego,
Política Social e
Políticas Públicas
de Protección

**SN CCOO
de Galicia**

Interésanos, tamén, porque a economía social foi a porta de reingreso á actividade laboral dun bo número de traballadores e traballadoras agrupados en sociedades laborais, cooperativas, etcétera, que loitaron pola supervivencia das súas empresas cando os patróns practicamente as liquidaran.

As empresas de economía social convertéronse nunha resposta eficaz ao desemprego, nun medio para acceder ao mercado de traballo e, polo tanto, nun factor de creación de emprego e riqueza. Os traballadores e traballadoras organizadas sindicalmente e as empresas de economía social teñen coincidencias salientables, tanto na base social constitutiva como no seu propósito:

o servizo ás persoas que as conforman e á comunidade onde se integran, mellorar a calidade de vida, defender e practicar a democracia no seu sentido máis amplo.

Ademais, desde a perspectiva sindical é relevante coñecer que a economía social pode ter e ten un papel importante en sectores puxantes como o dos coidados, a educación, as novas tecnoloxías e os servizos, etcétera, como xa o tivo durante os anos oitenta e noventa do século pasado —sobre todo en épocas de crise— en procesos de transformación de empresas capitalistas tradicionais en empresas de economía social.

Centrémonos agora no tema que se nos enco-

As sociedades
laborais
constitúense
con apoio das
Administra-
cións públicas
pero, sempre,
sempre,
co esforzo
do persoal

mendou: as sociedades laborais. Aínda que, sendo honesta, desde CCOO falaríamos só de sociedades limitadas laborais porque para nós as sociedade anónimas laborais son economicamente inviables xa na propia constitución. E imos adoptar a perspectiva que coñecemos: as sociedades laborais xurdidas de empresas en crise, é dicir, dos problemas, porque cando un grupo de persoas deciden crear sen máis unha sociedade laboral non van a un sindicato porque xa teñen unha idea dun proxecto empresarial.

Resposta á crise

Como xa se dixo, as sociedades laborais son un tipo de empresa que ten a súa orixe na década dos oitenta. Naceron como resposta á crise económica daquel período, posibilitando que moitas pequenas e medianas empresas seguiran funcionando e mantiveran o emprego dos seus traballadores e traballadoras. As sociedades laborais constitúense con apoio das Administracións públicas pero, sempre, sempre, co esforzo do persoal que achega as súas prestacións por desemprego e as indemnizacións pola rescisión dos contratos para manter a actividade da empresa.

Pero esa non é a única achega económica que adoita facer o persoal; na maioría dos casos, cando un grupo de traballadores e traballadoras adquiren a maioría do capital social dunha empresa, a primeira e máis habitual decisión que deben tomar é a de reducir os seus salarios.

Ao principio, as sociedades laborais só podían ser anónimas e esixían un gran desembolso de capital, como ocurría nas sociedades capitalistas. Isto imposibilitaba en moitos casos o acceso dos traballadores e traballadoras a esta fórmula xurídica e empurraba cara ás cooperativas de traballo asociado; pero as súas peculiaridades complicaban moito a xestión.

Un primeiro cambio importantísimo –sobre todo nestes casos de iniciativas que xorden de empresas en crise– deuse cando se permitiu a constitución de sociedades limitadas laborais, xa que o seu capital era significativamente menor.

A lexislación foi mudando para adaptalas ás circunstancias económicas e sociais; a última é a Lei 44/2015, do 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas, cuxo obxectivo era flexibilizar certos aspectos da normativa para conseguir crear máis empresas e emprego. As estatísticas de número de empresas e de empregos parecen indicar que non se acadou ese obxectivo.

Segundo os datos do Ministerio de Traballo e Economía Social, e partindo dos rexistros de afiliación á Seguridade Social, no período que media entre a aprobación da lei no 2015 e o ano 2020, obsérvase que diminuíron o número de sociedades laborais e as afiliacións (descenso que continua coa crise económica derivada da pandemia). Isto lévanos a deducir que a actual lei de sociedades laborais non axudou a cambiar a tendencia descendente nin en empresas nin en emprego.

En primeiro lugar vouvos relacionar os feitos que diferentes estudos sinalan como causantes desta situación; despois referireime aos problemas que detectamos na nosa práctica sindical.

Os estudosos sinalan que as sociedades laborais perden peso polas seguintes razóns:

- A ausencia dun réxime fiscal propio para as sociedades laborais, como teñen as cooperativas (aínda que estea algo obsoleto). Só se recollen bonificacións nas cotas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, mentres que para as cooperativas teñen beneficios en impostos como o de sociedades.
- O cambio aplicado nunha das medidas máis destacadas de fomento do autoemprego, como

é o pagamento único da prestación por desemprego ás persoas desempregadas que achegan esa prestación para autoempregarse e emprender unha actividade económica.

– Aínda que a diminución de sociedades laborais se produciu en todas as actividades económicas, foi máis significativa no sector da construción a partir do ano 2008, co estalido da chamada burbulla inmobiliaria. Nos últimos anos, esa diminución centrouse máis na industria e os servizos.

Problemas de envergadura

Sen negar ningunha destas cuestións técnicas ou mesmo económicas, cando os traballadores e traballadoras nos vemos abocados a constituír unha sociedade laboral, porque a empresa en que traballamos está en crise, topamos outros problemas de non pouca envergadura... (Iso, deixando á marxe os atrancos derivados da propia transmisión da empresa por obstáculos da propiedade, ou se nos achamos nun proceso concursal e temos que negociar coa Administración concursal e mais co xuíz ou xuíza.)

En primeiro lugar está o elemento subxectivo ou persoal, ou a necesidade de que haxa un grupo de persoas con capacidade e motivación suficientes para liderar o proxecto. Aínda que, en principio, non debería ser difícil ao coincidiren os intereses do capital e do traballo, a realidade é que os traballadores e traballadoras deben tomar decisións de tipo empresarial ás que non están afeitas (e non todo o mundo está disposto a asumir) e que resultan adoito máis custosas canto menos preparadas estean os e as futuras socios. Lembra o que dicíamos antes dos salarios; aínda que é igualmente difícil autoorganizarse e distribuír postos e responsabilidades.

O persoal descoñece as dificultades que entraña adquirir a empresa: todos os trámites e xestións así como as vantaxes e desvantaxes de utilizar a

fórmula da sociedade laboral para continuar coa actividade. Arrancar é moi, moi complicado.

E sempre tendo por diante as palabras máxicas de todo proxecto de economía social: «o plan de viabilidade», que non só lles permite aos traballadores e traballadoras saber se o proxecto que pretenden é viable –valla a redundancia–, senón que é un elemento fundamental para as súas relacións coas Administracións e para que as institucións financeiras tomen en consideración abrírlles as portas. Atopar quen faga ese plan e cun custo non excesivo é un fito moi importante.

Por se isto fora pouco chegamos, por último, ao nó gordiano: o tema económico. Normalmente, a necesidade de financiamento para seguir desenvolvendo unha actividade é o principal problema que han afrontar os traballadores e traballadoras. As dificultades dunha sociedade laboral para lograr un préstamo ou o refinanciamento da débeda por parte dunha entidade financeira son infinitamente superiores ás doutros proxectos empresariais, dada a desconfianza que inspiran as iniciativas onde non prima o interese capitalista.

O problema de fondo é que os traballadores e traballadoras non temos mentalidade empresarial e que, polo menos nos casos en que nós traballamos, cando constituímos unha sociedade laboral é porque non vemos outro futuro por conta allea. Aínda así, conséguense proxectos. Non a maioría das veces, non sempre por un longo tempo e en moitísimas ocasións como paso previo a un investidor.

Como corolario e peche, hai que lembrar que formación, titorización, apoio á xerencia e, sobre todo, simplificación administrativa e financiamento específico son alicerces fundamentais para desenvolver proxectos sólidos de economía social. ■

**Atopar quen
faga o plan de
viabilidade
cun custo
non excesivo
é un fito moi
importante**

As sociedades laborais en Galicia, unha prioridade

José Carlos Rodríguez del Río

Para a Unión Xeral de Traballadores unha das súas prioridades da súa acción é o fomento da economía social dende unha perspectiva de progreso. Porque impulsar o modelo das sociedades laborais é potenciar a creación de riqueza.

**José Carlos
Rodríguez del Río**

Secretario
Política
Institucional de

UGT-Galicia

Os principios que deben orientar a Economía Social son a primacía das persoas e a finalidade social, e a promoción da solidariedade sobre o capital e a maximización de beneficios empresariais. O compromiso da Economía Social co desenvolvemento local, a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato e oportunidades, a cohesión social, a inserción de persoas en risco de exclusión social, a xeración de emprego estable e de calidade, a plena inclusión laboral da mocidade, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a sustentabilidade e o respecto polo medio ambiente; converten á economía social nunha alternativa ética ao modelo empresarial dominante.

A aspiración sindical de que a clase traballadora organizada sexa capaz de dirixir a economía e poñela ao servizo das persoas, determina a necesidade de seguir apoiando e fomentando a

coexistión de empresas, así como iniciativas de economía social e autoemprego que xeren emprego decente, de calidade, estable, con dereitos e solidario, que contribúan ao desenvolvemento das persoas e a transformación positiva da sociedade.

Impulsar o modelo das sociedades laborais é potenciar a creación de riqueza.

O total de sociedades laborais no ano 2020 en Galicia é de 417, o 5,35% do total das existentes no Estado e xeran emprego a 2.162 traballadoras e traballadores. En termos de sociedades existentes Galicia está mellor posicionada que na xeración de emprego, xa que nestes termos Galicia representa o 3,93% do total dos traballadores do Estado nas sociedades laborais

No ano 2020, ano crítico, creáronse en Galicia

22 sociedades laborais, con 54 socios, das cales foron socios traballadores 51 e 3 socios de capital. Galicia en relación ao total de creadas en España foi relevante, xa que neste contextos creáronse 211, o 10% en Galicia. Pode comprobarse e que en Galicia houbo unha maior tendencia a constitución destas sociedades.

En Galicia no ano 2020 no que maior empresas se constituíron foi no sector servizos con 15 das 22 constituídas. E 38 socios dos 54 totais foron tamén neste sector.

Sen embargo a evolución en Galicia das sociedades laborais non é positiva, nos últimos dez anos é decrecente no tempo segundo os datos publicados polo ministerio que se corresponden ás inscritas na Seguridade Social. Así, das 856 existentes en 2009 pasan a 417 en 2020, un 51,3% menos. Isto trasládase a unha contracción no emprego, de 4.082 en 2009 a 2.162 en 2020, contracción do 47% .

Vantaxes e dificultades

A Sociedades Laborais como forma de autoemprego, que xurde para dar saída a empresas en crisis, ten vantaxes, son sociedades mercantís nas que a maioría do capital social é propiedade dos traballadores que prestan servizos de forma retribuída, persoal e directa cunha relación laboral por tempo indefinido. Pero tamén presentan dificultades na toma de decisións importantes, todo acordo precisa maioría dos votos, hai dificultades burocráticas, conxugar emprego e xestión é unha dificultade clara.

Para UGT prevalecen as vantaxes sobre os inconvenientes, as sociedades laborais, e iso o constatamos con casos concretos, é unha saída viable de mantemento dos postos de traballo en momentos de crise dunha empresa, empre-

sas abocadas ao peche que tras un adecuado asesoramento e apoio aos traballadores continúa xerando riqueza e emprego.

Para isto UGT considera que se debe:

- Abordar o desenvolvemento da economía social realizado en condicións xustas e cunha protección adecuada.
- Reforzar a acción sindical en defensa dos dereitos laborais e colectivos e a protección social das e dos traballadores.
- Incrementar a presenza do sindicato nas empresas de economía social como instrumento para a defensa dos dereitos dos socios que achegan o seu traballo nas mesmas. Para isto é imprescindible o papel da RLT (representación legal dos traballadores) e o papel dos sindicatos na empresa autoxestionada. En calquera caso, os socios traballadores dunha sociedade mercantil están suxeitos ao convenio colectivo. Os socios, polo feito de ser traballadores, están sometidos á regulación que marcan os convenios colectivos polo que, a nivel de relacións laborais, teñen os dereitos e obrigacións de calquera outro traballador non socio.

As sociedades laborais teñen unha longa traxectoria na que amosaron un alto potencial de xeración de empresas e cuxa resistencia en momentos de crise foi substancialmente superior.

Para UGT, sociedades empresariais que outorgan máis importancia ás persoas, ao cumprimento do seu obxectivo social que á conta de resultados e a maximizar beneficios merecen todo o noso apoio. ■

As sociedades laborais teñen unha longa traxectoria na que amosaron un alto potencial de xeración de empresas e resistencia en momentos de crise.

• c • a • d • e • r • n • o • s •



C | E | S
G A L I C I A
Consello Económico e Social de Galicia

www.ces-galicia.org